

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EXTRACTO da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de esterco en gandería, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406D, MR406E, MR406F e MR406G), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

BDNS (Identif.): 623749.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

En función do tipo de axuda solicitada, as seguintes persoas poderán ser beneficiarias:

a) Axudas a investimentos nos sistemas de xestión de esterco en gandería (código de procedemento MR406D).

i. Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, que sexan titulares de explotacións gandeiras sempre que teñan a consideración de pemes.

ii. Cando se trate de investimentos colectivos, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e calquera organización ou asociación de produtores recoñecida pola autoridade competente, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación sempre que teñan a consideración de pemes.

iii. Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada, sempre que as actuacións se destinen a un uso en común e redunden en beneficio de explotacións gandeiras



concretas que teñan a consideración de pemes, cuxos titulares darían o seu consentimento para que os devanditos entes soliciten a axuda.

iv. Centros xestores de esterco sempre que teñan a consideración de pemes.

b) Axudas destinadas a investimentos en transformación integral e modernización de invernadoiros (código de procedemento MR406F).

i. Persoas físicas ou xurídicas de natureza privada, produtoras de hortalizas ou flor cortada ou planta ornamental baixo invernadoiro, que sexan titulares dunha explotación agrícola.

ii. Cando se trate de investimentos colectivos, persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación e calquera organización de produtores de froitas e hortalizas, cooperativa ou sociedade agraria de transformación recoñecida pola autoridade competente cuxos membros son titulares dunha explotación agraria de produción de hortalizas ou flor cortada ou planta ornamental baixo invernadoiro.

c) Axudas destinadas a investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables (biogás e biomasa agrícola) (código de procedemento MR406G).

i. Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, que sexan titulares dunha explotación agrícola ou gandeira.

ii. Cando se trate de investimentos colectivos, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación e calquera organización ou asociación de produtores recoñecida pola autoridade competente, cuxos membros sexan titulares dunha explotación agrícola ou gandeira.

iii. Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada, sempre que as actuacións se destinen a un uso en común e redunden en beneficio de explotacións agrícolas e gandeiras concretas, que darían o seu consentimento para que os devanditos entes soliciten a axuda.

d) Axudas destinadas a agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro (código de procedemento MR406E).

i. Persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, que sexan titulares de explotacións gandeiras e/ou agrícolas sempre que teñan a consideración de pemes.



ii. Persoas físicas ou xurídicas que presten servizos agrarios, entendendo por tales quen desenvolva actividades económicas rexistradas na epígrafe 911, no 912 ou no 851 no imposto de actividades económicas sempre que teña a consideración de pemes.

iii. Cando se trate de investimentos colectivos, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, de natureza privada ou pública, ou sen personalidade propia de acordo cos termos previstos no artigo 67.2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, que integren un mínimo de cinco titulares de explotación sempre que teñan a consideración de pemes, e calquera organización ou asociación de produtores recoñecida pola autoridade competente cuxos membros sexan titulares dunha explotación agrícola e/ou gandeira.

iv. Consorcios ou outra forma de colaboración público-privada, sempre que os proxectos de investimento se destinen a un uso en común e redunden en beneficio de explotacións concretas que teñan a consideración de pemes, cuxos titulares darían o seu consentimento para que os devanditos entes soliciten a axuda.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2022 as seguintes liñas de axuda incluídas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014_2020, en réxime de concorrencia competitiva:

a) Axudas a investimentos nos sistemas de xestión de estercos en gandería (código de procedemento MR406D).

b) Axudas destinadas a investimentos en transformación integral e modernización de invernadoiros (código de procedemento MR406F).

c) Axudas destinadas a investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables (biogás e biomasa agrícola) (código de procedemento MR406G).

d) Axudas destinadas a agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro (código de procedemento MR406E).

De acordo coas bases reguladoras establecidas no Real decreto 948/2021, do 2 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas estatais destinadas á execución de proxectos de investimento dentro do Plan de impulso da

CVE-DOG: gvdf05q8-ikf0-fy06-uh03-bckbku0g1fc1



sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandaría (III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de esterco en gandaría, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406D, MR406E, MR406F e MR406G), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito de 7.411.989 euros, financiados ao 100 % pola Administración xeral do Estado (Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU), repartido en:

- i. Axudas a investimentos nos sistemas de xestión de esterco en gandaría: 4.679.312 euros.
- ii. Axudas destinadas a investimentos en transformación integral e modernización de invernadoiros: 136.468 euros.
- iii. Axudas destinadas a investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables (biogás e biomasa agrícola): 724.673 euros.
- iv. Axudas destinadas a agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro: 1.871.536 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de 2 meses, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

<https://subvencions.cixtec.es/subvencions/convocatorias/11958>

<https://subvencions.cixtec.es/subvencions/convocatorias/11959>

<https://subvencions.cixtec.es/subvencions/convocatorias/11960>



Os códigos asignados pola Base de datos nacional de subvencións corresponden a un mesmo texto de convocatoria.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: gvdfo5q8-ikf0-fy06-uh03-bckbku0g1fc1

